



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 8/2019 (4/2019 DO MANDATO 2019-2023), ORDINARIA , 26 DE SETEMBRO DE 2019

EXPEDIENTE: 2019/G003/000416

Asunto: Convocatoria

ÓRGANO COLEXIADO: Pleno

Nº SESIÓN: 8/2019 (4/2019 do mandato 2019-2023)

CARÁCTER : Ordinaria (xoves 26 de setembro de 2019 ás 20:30 horas)

En uso da atribución que me conferen os artigos 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, tendo en conta o acordo plenario do 24 de xullo de 2019, polo que se estableceu a periodicidade das **sesións ordinarias do Pleno, convoco a correspondente ao mes de setembro de 2019, para o xoves 26 de setembro de 2019, ás 20:30 horas** (ou dous días hábiles despois á mesma hora en segunda convocatoria, en caso de non existir o quórum esixido na primeira) no Salón de Sesións da Casa do Concello coa seguinte

ORDE DO DÍA

Parte resolutiva da sesión

- 1.-** Aprobación das actas das dúas sesións anteriores (6/2019, extraordinaria organizativa, do 04 de xullo de 2019 e 7/2019, extraordinaria organizativa (2ª), do 24 de xullo de 2019)
- 2.-** Toma de posesión de D. Carlos Barbeito Rey coma concelleiro da Corporación en substitución de D. José Manuel Montes Martínez.
- 3.-** Proposta da Alcaldía ao Pleno de adopción de proposta de fixación de festas laborais locais para 2020.
- 4.-** Proposta da Alcaldía ao Pleno de ratificación do decreto 384/2019, do 12 de setembro, de participación do Concello de Carral na 2ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos POS+ADICIONAL 1/2019 por maior achega da Deputación Provincial da Coruña.
- 5.-** Proposta da Alcaldía ao Pleno de aprobación inicial do expediente de modificación de crédito 9/2019 (transferencia de crédito 1/2019 entre aplicacións de distintas áreas de gasto).
- 6.-** Proposta da Alcaldía ao Pleno de declaración da obra de rehabilitación integral do CEIP Vicente Otero Valcárcel do Concello de Carral, promovida pola Xunta de Galicia, de especial interese ou utilidade municipal e concesión de bonificación do Imposto sobre Construcións Instalacións e Obras.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

7.-Proposta da Alcaldía ao Pleno de aprobación para todo o persoal funcionario e laboral ao servizo deste Concello dun complemento retributivo dende o primeiro día da situación de incapacidade temporal por continxencias comúns, así como nas situacións de incapacidade temporal por continxencias profesionais, que sumado á prestación económica do Réxime Xeral da Seguridade Social, alcance o cen por cen das súas retribucións fixas do mes de inicio da incapacidade temporal.

Parte da sesión de control dos demais organos da Corporación

8.- Dación de conta de nova resolución da Alcaldía en materia de nomeamentos e delegacións.

9.-Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.

10.-Mocións dos grupos políticos, no seu caso.

11.-Rogos e preguntas.

Notifíquese a presente resolución a todos/as os sres/as. concelleiros/as da Corporación, así coma ao señor Concelleiro electo D. Carlos Barbeito Rey, e á señora Interventora do Concello, advertíndolles que, conforme ao disposto no artigo 12.1 do citado RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

Póñase a disposición dos/as sres/as. concelleiros/as convocados a documentación dos asuntos incluídos na orde do día na Secretaría do Concello (titular ou accidental) a partires da notificación da convocatoria.

Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

Visto o decreto,

O SECRETARIO

Diego García Doval